



DECRETO DE ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATO DE OBRA “RENOVACIÓN PARQUE INFANTIL O SOUTO (ARCA).”.

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 11/09/2020 acordouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 11/09/2020 polo Alcalde foi detectada a necesidade de realizar a contratación da execución do proxecto “RENOVACIÓN PARQUE INFANTIL O SOUTO (ARCA)”, elaborado polo enxeñeiro de camiños Pablo Blanco Ferreiro, colexiado nº 22.992 de data xaneiro de 2020, con motivo da axuda concedida ao abeiro da Orde de 12 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG nº 247, de 30 de decembro).

Dada a característica da obra considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto simplificado.

Visto que con data 11/09/2020 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 117 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia da Xunta de Goberno Local en base ao artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dada a urxencia da contratación.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto





simplificado, da obra “RENOVACIÓN PARQUE INFANTIL O SOUTO (ARCA)”.

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 49.646,24 euros, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento aberto simplificado, con cargo á aplicación 171.60900.

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas e cadro de características que rexen a licitación.

QUINTO.- Publicar o prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, así como o cadro de características no perfil do contratante do Concello.

O Pino, a 11 de setembro de 2020.

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Manuel Taboada Vigo

